

Diario de Ausencias

Manuel Seixas (*Vilagarcía de Arousa, Galiza, 1961*) – Escritor, músico, trabalhador de filosofia, sócio fundador da editorial Madame Mir, pai, companheiro; todo isto non son nin mais nin menos que tentativas de caminhar entre a derrota e a esperança.

Diario de Ausencias constitui a sua segunda obra poética em livro.

Algunhas obras publicadas:

Poemários: **Vestixios do verme** (Eds. Positivas, Santiago de Compostela, Galiza, 1999)

Fiçao: **Viñeron do espacio interior** (Relatos; Eds. Positivas, Santiago de Compostela, Galiza, 1996);

A velocidade do frío (Novela; Premio Xerais de Novela; Eds. Xerais, Vigo, Galiza, 1996); **Bailarina** (Novela; Eds. Xerais, Vigo, Galiza, 1999)

Musicais:

Co grupo Korosi Dansas: **Cordura** (CD; Man Records, Vigo, Galiza, 1995); **Non!** (CD; Chorima Records, Vigo, Galiza, 1996)

Em solitário: **A velocidade do frío** (CD; Eds. Xerais, Vigo, Galiza, 1997); **Presentimento** (CD; Madame Mir Eds., Santiago de Compostela, Galiza, 2001)

Vida, obras, colaborações, projectos e participação interactiva em:

www.manuelseixas.com

Capa e ilustrações: **Xurxo Romero**

Fotografias: **Espe Piñeiro** (amebavisión)

Desenho gráfico: **Santi Frutos**

Ideia desenho: **Manuel Seixas**

Edições Tema – Edições não-veniais

1ª Edição Absoluta: *Lisboa, XXXXXX*

Direcção Literária: **Alberto Augusto Miranda**

Logotipo: **Anxo Pastor**

Dpto. Literário da Sociedade Guilberme Cossoul

Endereço electrónico: ahahmiranda@hotmail.com

Lisboa – Portugal; Tm: 351 + 965817337

Delegações:

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Depósito Legal: XXXXXXXXX

Tiragem: 500 exemplares

Manuel Seixas

Diario de Ausencias



*“Eu falo da ausencia de orificio, dun sufrimento frío e sen imaxes,
sen sentimentos, que é coma un choque indescritible de fracasos”*

(Antonin Artaud)

Pedidos Ao Director*

1

SOMBRA, ABURRIMENTO, RABIA.

TAMÉN MORIBUNDA E PENA.

E UNHA GRAN GARGALLADA DOBRE.

E FAME CON AMORODOS.

TUDO NO MESMO PRATO. NON TEÑO ESCRÚPULOS.



** Os pedidos dirixidos a esta sección deben exceder a sensatez. Serán contestados polas correspondentes Ausencias do noso diario, en caso de seren aceptados.*

O autor quedará marcado de por vida. Ninguén o mirará aos ollos nin lle falará nin lle mandará fermosas cartas de agarimo. Ninguén. Nunca.

EdA

Handwritten title or header in a stylized script.



Two columns of handwritten text in a cursive script, located to the right of the portrait.

Three columns of handwritten text in a cursive script, arranged below the portrait and the first column of text.

**AUSENCIAS/ NACIONAL:
O GOVERNO ALERTA DOS PROBLEMAS DE
ALIMENTO, MORTE, SONS, ALZHEIMER,
DENTES E AZUL.
PÁXS. 11-16**

Left column of handwritten text in a cursive script, located below the central box.

Right column of handwritten text in a cursive script, located below the central box.

Alimento

Dentro o desprazar do meu pensar
chumbo lento que esgaza as carnes frescas
vísceras recentes abríndose loitan loitan

¿que?

¿quen?

Estrelas raras que me devoran
sen refulxir sen avisar

¿onde o faro?

¿onde o fareiro?

Fragrantes rosas en mutación imparabile,
xa podrecidos vexetais.

Fame.

Tranquilo, non tes máis que
fame, dentro.

Morte

Frío xeado nos movementos
ouvea na fraga que queimaches,
a cada latexo pegadas quentes
que percorren o embigo
á procura dun centro, a orixe,
o principio dos soños.

Bater a cabeza, rexeitar a amnesia
o negrume de cen portas entreabertas,
o húmido aloumiño nos pés,
sobre quebradizas follas
lembrar o fráxil sufrimento.

Todo pasa nun segundo espeso,
pouso o teléfono
e a voz rouca do outro lado
non para de repetir morte, morte, morte.
O peito axitado rexeita o frío,
bota contas das cinzas enterros
ósos carne sometidos á inmundicia,
cadaleitos faltos de agarimo.

Morte.

Morte sería fracaso loucura noite negra
se non fose polo oco na terra nos sentidos
nos ouveos dun can,
instinto din, como este de buscar
o centro, a orixe, o final dos nosos soños.

Cons

Poño a radio.

Non escoito.

Acendo a televisión.

Non escoito.

Fito as bocas bla bla bla.

Non escoito.

Tiro enrabiado o vaso,
cristais esnaquizados.

Non escoito.

Percuto con salvaxe frenesí o piano.

Non escoito.

Recibo unha sublime labazada.

Non escoito.

Caen as bombas. Tan preto.

Non escoito.

Xeme a muller perna amputada.

Non escoito.

Berra un mundo enfermo. Dor.

Non escoito.

Xordo. Non escoito. Os ollos non teñen compaixón.

Outra vez avanza Edipo.

Alzheimer

Xentes con anos nas neuronas
pasaron eses anos caeron follas medraron árbores,
pasaron, sempre pasan.

Sen control físico mental
sufrimento en dose inhumana
persoas que alleas enchen folios
informes datos estatísticas
vacinas alivios remedios
non dan chegado
nunca chegan a tempo.

A de Alzheimer.

Escuridade vexetal
man apertada que non resposta
a túa velliña man luída cala,
¡por favor, un feble sinal, un absurdo milagre!
Silencio.

Anos nas neuronas
que xa non lembran
non poden lembrar.

A de Alzheimer.

B de baleiro, de novo.

Dente

Ratiño Pérez, non me falles.
Hai moito traballo para ti,
xa o sabes, ti es moi listo,
omnisciente, omnipresente,
coma o deus grande.

Ratiño Pérez, non me falles,
o meu sorriso sen dentes,
xa o sabes, que listo es,
traballo especial terás.

Ratiño Pérez, non me falles.
Ven esta noite e todas as noites,
ven,
que baixo a miña mol almofada,
onde a cabeza nunca repousa,
xa o sabes, que listo es,
alí, para ti todos os tesouros.

Ratiño Pérez, non me falles,
deixa alomenos unha dose,
a penúltima, a penúltima,
todos os meus soños para ti, para ti,
omnisciente, omnipresente,
coma o deus grande que nunca vin.

Ratiño Pérez, non me falles.
¡Cae o meu derradeiro dente! Cae...
¿Ratiño Pérez, valeranche dedos, man,
dúas mans, fígado, orellas, brazos, pernas?

Trae o alivio, non me falles.
Se non está baixo a miña mol almofada,
entón,
Ratiño Pérez,
xa no crerei en ti
e terei moitos pesadelos esperto,
e verei ratos moi grandes e malos.
Grandes grandes malos malos moi moi malos.

Azul

Aquilo negro que fita os ollos azuis é un cura negro,
e semella que o azul voase polo tren,
o cura fai esforzos,
súa, pensa en nais parindo,
en fillos que veñen ao mundo
mais aquel azul non se cruza no seu camiño.

Camiña o tren imperturbable,
a rapaza ollos azuis lembra a súa viaxe,
fai esforzos, súa,
nais parindo,
o seu fillo virá ao mundo
non hai ninguén para ela non hai tren non hai.

Hai unha biblia que se abre sen que a miren,
o seu dono soña con aqueles ollos
rosarios repetidos, por cada doa que reconta un bufido arredado
dunha máquina que non é o tren
semella ser o mundo refolgando alá, alá.
Hai un bolso marrón que se abre sen que o miren,
a súa dona barre lembranzas da cabeza
clientes repetidos, por cada coito que reconta un bufido arredado
dunha máquina mundo que refolga alá, alá.

Alá, na súa tristura,
o cura negro desexa o mirar daqueles descoñecidos ollos.
Alá, na súa concentración,
os azuis ollos desexan non ver máis.

Esta é a parada do cura negro.
Ela non ten parada.

Triste entre bufidos outra misa que se esgota, el súa.
Triste entre contraccións non orgasmo non coito, ela súa.
O noso pequeno fillo puta ten ollos negros
e cego vermello sangue cuberto, chora.

Pedidos Ao Director

2

DE ENTRANTE, UNHAS PALABRAS PARA PICAR.
UNHA DUCIA DE CEREIXAS SEN PEBIDA.
DÚAS DE BICOS SABOR MEL CON LIMÓN ACEDO.
TRES DE ANIMAIS CON CASCABEIS PEQUENOS E CALADOS.
CATRO DE VELLAS BANCOS DE MADEIRA.
CINCO CAMIÓN S ATEIGADOS DE INFANCIAS ESCORDADAS
ENTRE BOCADILLOS DE QUEIXO CON MARMELO.
PAGAREI CON OURO INSÍPIDO.



Bda

Handwritten text in a cursive script, likely a list or report, with some lines starting with "F. de la..."



Handwritten text in a cursive script, positioned to the left of the portrait.

Handwritten text in a cursive script, positioned to the right of the portrait.



AUSENCIAS/ INTERNACIONAL:
PUBLICAMOS O LISTADO DE PERDAS FEITO PÚBLICO ONTE POLAS AUTORIDADES COLOMBIANAS TRALO SEGUNDO GRAN INCENDIO NA CAPITAL: AUXILIAR ADMINISTRATIVA, CORPO, CASCABEL, INFANTIL, VILA E ALCATRÁN.
MÁIS INFORMACIÓN: PÁXS. 19-24

Handwritten text in a cursive script, forming the left column of the lower section.

Handwritten text in a cursive script, forming the middle column of the lower section.

Handwritten text in a cursive script, forming the top part of the right column of the lower section.



Handwritten text in a cursive script, forming the bottom part of the right column of the lower section.

Auxiliar administrativa

Transcribir as palabras
que dicta un metódico xefe
e ela queda suspendida
-paxaro branco non pesas nada-
suspendida naquelas verbas mecánicas
e ela vaise polo oco
dun punto e final
fuxida terapéutica.

Corpo

Achego a fotografía en branco e negro
corpo espido fermoso
matices, sombras que se perden ao fondo.

Esvara a bágoa polos grises
gris existencia dos corpos
matices, acenos cansos da xente.

Principio un novo conto
a nena cospe nos meus oídos rabia contida
investigo nervioso matices da desesperación.

Cando todo semella ser así,
así,
medio morto vou á cociña
engulo dúas cereixas con pebida
sen mastigar.
E o corpo segue ausente e... ¿vivo?

Cascabel

Tartarugas pequenas avanzan cara ao mar,
fatiga lenta na súa teimuda tarefa,
desconsolo nos meus saúdos,
area fría,
castelos de soidade.

¿Que farei
sen a compañía das vosas caladas cunchas?
¿Que farei, eu,
serpe inmóbil?

A noite cae sobre as miñas escamas
mudo a pel en silencio, sen espaventos.
As tartarugas pequenas
mergúllanse nas augas
mar, escura ledicia líquido de vida salgada.
Non terei con quen adestrar os meus “eses” de serpe,
sssssss... sssssss...
noto un baleiro no final do meu corpo,
sssssss... sssssss...
cruel natureza,
nin tan sequera me outorgas un mísero cascabel,
sombrias noites,
fría area.

Infantil

Coma membro infantil da parva humanidade
escollo este parque envolto en brétemas para min.
Randeiras que renxedes, sodes miñas,
e tamén ti, verde escorregadoiro.
Cabalos madeira e metal que axitades o corpo baixo o meu cu,
sodes meus, meus, para min.
Chuvia que caes sobre o meu parque,
ti tamén es miña, miña, para min.
Brétema, non marches, jé unha orde!
Non marches..., que se marchas,
saberei outra vez máis
que ningún membro infantil da parva humanidade
quere xogar comigo.
Ninguén... quere... xogar... comigo.
Soidade,
no meu obsesivo parque.

Vila

Na vila que non existe,
sentamos nos moitos bancos de madeira,
-esburacada, enfasiada madeira-
da única praza inexistente.

Milleiros de coches nunca paran
rodean o silencio con manobras
arriscadas.

O encoro cobre o universo enteiro,
a electricidade alumea fogares,
pantasma do que foi enchen
coa súa tristura a vila inerte
baixo augas azuis escuras
coma a cor do ceo ermo.

Alcatrán

Camioneiros deluvan gotas suor traballo
ploc ploc
rodas quentes non perden o ritmo
ploc ploc
curvas na estrada complicidade boa dirección
ploc ploc
gasóleo ambrosía motor combustión
ploc ploc
camioneiros moven dial radio boletíns reiterados
ploc ploc
botan en falta o fogar afastado
ploc ploc
fontaneiros azuis sempre billa avariada
ploc ploc
e camioneiros deluvan gotas suor traballo
ploc ploc
imaxinan arranxar conductos auga escangallados
ploc ploc
imaxinan muller nenos corricando ao seu redor
ploc ploc
“home sweet home” fotos no salpicadeiro
ploc ploc
camioneiros perciben falta de fogar
ploc ploc
de billa avariada
ploc ploc
de nenos e muller inquedos
ploc ploc
cren escoitar a chamada dos queridos
ploc ploc
é só o motor que perde aceite
ploc ploc
pingas graxa recobren na estrada
ploc ploc
as fochas metáfora sinxela de problemas
ploc ploc
metáfora simple de falta de alcatrán e semellantes.

Pedidos Ao Director

3

CATRO FLORES.

¡PÉTALOS INMENSOS!

OUTRO BICO, DIN NA TELE.

DEBO TRES PRIMAVERAS DE SOIDADE.



... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...

**AUSENCIAS/SOCIEDADE/COMUNICACIÓN:
OS INTERNAUTAS CONSULTARON EN MASA AS
PÁXINAS NON WEB: VIAXE, CONTACTO, LUZ,
CIVILIZACIÓN.**

PÁXS. 27-30

... de la cultura de la cultura...



... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...



... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...

... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...
... de la cultura de la cultura...

Viaxe

Xulio tiña présa
-viaxe preparada-
chamou por Charo
-morte preparada-
os billetes (baratos) reloucados
nas mans con présa
-viaxe preparada-
o sangue nos pulsos de Charo
alleo ao frenesí
-morte preparada-.
Xulio chama en van.
Charo adeus sorriso relax
bañeira vermella sen pato amarelo
-morte preparada-.
Xulio entra no baño, olla, treme. Mans frías.
Billetes baratos caen ao chan.
Escrebe no ventre vermello
bañeira sorriso relax Charo morta:
ESPÉROTE NO AVIÓN.

Contacto

Chamou dende a illa dos peixes verdes
soñando con baleas cantaruxeiras,
voz insospeitadamente grave
doente falou daquel familiar neno
que está a morrer no hixiénico hospital,
rebélase a voz contra a hixiene e a morte segura,
rebélase ata fronte ás pavarotti baleas.
Chamou para tranquilizar o meu espírito feble
para indagar o estado do branco cadelo compartido
saber se esta fermosa filla ten chourizo merenda no ventre.
Dende a illa dos peixes verdes
manda bicos lindos lindos bicos.
A materia dura dos teléfonos
vence de novo ao tacto tenro,
transformado en trasno dun auricular
que por única misericordia
fai esforzos por traer recendos a mar,
a illa, a peixes verdes, a baleas que cantan.

Luz

Din que os ollos existen para ver a corda dunha guitarra
que racha e estoupa nos beizos que sangran
cun re menor debullándose nas sucias paredes.

Din que os ollos miran os peitos das rapazas
que teñen un burato en cada pulmón malferido
cunha tose tabaco alcol e xiringas de arrefrío.

Din que os ollos botan depurada auga salgada
que cae nas ás de bolboretas negras fermosas
cun sutil berro agudo nas pupilas de nenos calvos expectantes.

Din que os ollos saben de tristes fugas
que cada noite fracasan entre disparos e homes que corren
cunha esperanza perdida no horizonte que chaman nada.

Din que os ollos baixaron un día ata o nariz
que cheiraba impaciente os xeonllos dourados da espida femia
cunha intención certa de atopar un sexo negro e poboado.

Din que os ollos descubriron ese paraíso aberto
que alí quedaron por sempre enchidos de muller
cunha marabillosa ausencia de luz entre fluxos vaxinais
cun doce soñar non máis ollos cansos.

Civilización

- Estiveron moi ben todos estes anos,
de verdade, estiveron moi ben,
o noso acabou, pero... felicidades, estiveron moi ben...

(Bico na meixela fría)

... pois nada, que estiveron ben.

- *Tes razón, estiveron moi ben.*

- ¿Ti non me pensas bicar?

- *Non podo bicarte porque teño unha infección na gorxa
e unha moa picada e un herpes labial.*

- Ah, vale, non te preocupes.

(Meixela fría sen bico)

- Estivo ben ter fillos.

- *Si, estivo moi, moi ben.*

- Estarán ben cos avós.

- *Todo estará ben. Ata o paxaro.*

- É un gorrión.

- *Perdoa, para min é un paxaro.*

- Adeus.

- *Adeus, non podo bicarte porque...*

- Xa, é igual.

(A porta soa coma sempre.

A civilización progresa.

O mundo, sen dúbida, mellora.)

Pedidos Ao Director

4

PIDO ESA FRAGRANCIA
QUE NON PODO MERCAR.
A FÓRMULA DO TEU SUOR.
A FÓRMULA DO TEU APLAUSO.
ESIXO UNHA ETERNA QUEIMADA.
PRECISO ESE CALDO
QUE DERRETE A NEVE QUE NUNCA CAE.
CONTESTA, POR FAVOR. ¡XA! ¡XA!
DAREI PROPINA.





Handwritten text in a cursive script, likely Galician, located below the cow image.

Handwritten text in a cursive script, likely Galician, located in the upper middle section.

Segunda

Handwritten text in a cursive script, likely Galician, located below the 'Segunda' header.

Handwritten text in a cursive script, likely Galician, located in the upper right section.

Handwritten text in a cursive script, likely Galician, located in the lower right section.

**AUSENCIAS/ ECONOMÍA:
SOBEN CON FORZA AS ACCIÓNS DE PETRÓLEO
E QUÍMICAS E COTIZAN Á BAIXA TELEFÓNICA,
PÚBLICO, INVERNO E ALCOL
PÁXS. 33-39**

Large block of handwritten text in a cursive script, likely Galician, occupying the bottom half of the page.

Telefónica

Pi pi pi pi pi
E nunca estás
Pi pi pi pi pi
E nunca contestas.
Comunicando.

Anos pensei
que non parabas de falar
con eses amantes, todos eses amantes
que seguro tiñas.

Anos detestei
as túas queridas bla bla bli bla bla bla amizades
que sempre quedabas
para ir tomar un café
ou cousas peores.

Anos desesperei
pi pi pi pi pi,
nunca estás
nunca contestas.

Ti, meu amor,
o meu único número
na axenda desusada.

E agora telefónica di:
“O seu aparello está avariado”.
¡Ai, amor!, sempre, sempre estivo avariado.
Hoxe, vello de máis,
artrite e un adorable cancro,
hoxe vin a túa lápida,
berrei o teu nome,
non debías estar esperta
ou non debías estar
porque non contestabas.
O enterrador pasou ao meu carón
e deixou caer na miña orella
pi pi pi pi pi
pi pi pi pi pi.
Por iso lle fixen comer a coroa preciosa,
“dos teus queridos fillos”.

Público

Saltas

bules polo escenario
os teus mellores afectados
esa declamación tan suxestiva
e a palpable ausencia de público
que che trae á túa mente ser ou non ser,
trae a lembranza da túa ausencia de anticorpos,
morrer, morrerás
morrerás só sen público
as túas bágoas escena sen
aplausos xente triunfo. Estás só.

Explicas

esquemas sinopses polo encerado
nomes datas tan resabidas
entoación subliñade prestade atención
ese xiz tan branco dato preciso
e o silencio palpable
ausencia de público
primeiros, segundos, terceiros, cursos, clases, grupos,
que non hai ninguén, mestre,
e foxe a túa cabeza
ao silencio dunha cela
seminario frío medo
mastigas xiz calcio
maldicindo ausencia clase maxistral sen
preguntas interese notable pupilo. Estás só.

Trazas

debuxos retratos mariñas cores soños
mesturas materiais nobres innobres bodegón abstracto
os teus máis logrados matices
de ocre, vermello, amarelo, negro,

todo está negro palpable ausencia de cores
nos teus ollos cegos,
que veña o esquecemento
e cubra con formigón armado
a ausencia de público
ollando os teus imaxinarios cadros
cos teus imaxinarios ollos
coas túas pincladas sen destino sen
boa textura bo máxico bo bonita cor. Cego. Estás só.

Peiteas

cordas nailon aceiro vocais teclas percusión
sons por todo o pavillón gran acústica
flotan baixos grave agudos ruxidos
esa maxia esa maxia
escoitade esa escala ese bemol esa melodía dos deuses
aí vén o allegro e este adagio que prende ánimas
vativos devoran fígados alcólicos
vativos son intensidade ton timbre
sabes a teoría sabes a práctica
músico que ti es músico
esperanzas blues improvisación dedos sangrando
pinzamento das túas notas corazón saltando
e a esmagadora ausencia de público
pavillón gran acústica enorme de tan fantasmal baleiro sen
aplausos harmonías ávidos oídos
e lembras
igreja na que anxelical voz
cantarea a un deus querido
freguesía beatas que che miran dende alá abaixo
nunca máis nunca máis fodido deus
que me deixas ausente de público.
Só. Estás só.
Só.

Inverno

Non cae neve.
Nunca neva aquí.

So ía mercar pan de figo
con enormes améndoas que divirten os meus dentes.
Pobres diaños,
caras apresuradas
nadal con frío sen neve.

Levo unha meniña da man,
recoñézoa, síntoa, quéroa,
levo o desexado pan de figo
améndoas que serán escachadas,
as caras falan fondo sonoro...
e nós...
nós camiñamos da man e miramos.
Primeiro, gran tenda de electrodomésticos,
compact-discs de cores e karaokes rechamantes
canciós divertidas
para caras que na casa gozan nadal sen neve.
Logo, pequena coqueta tenda lambetadas
lindas casiñas de caramelo,
chocolate feito pinochos pocahontas snoopys
e chupa chups flocos de millo gomas de mascar,
infancia divertida
para caras que na casa gozan nadal sen neve...
e ocorreu.
A infame tenda sen
lambetadas electrodomésticos clientela,
aquele home tras un retento de mostrador

gris el gris todo
pobre díaño
gustaríame encher a túa tenda
de chocolate lambetadas compactos interactivos
teléfonos móbiles pocahontas televisores teletexto
gustaríame cravarche un coitelo xigante
de laranxa con sistema dolby
por terme feito pasar por isto,
outra fodida vez... Isto.

Eu, tan a gustiño,
no meu, coas cativas mans,
co rico pan de figo
coas améndoas que serían devoradas
e ti, no teu, tan só,
pobre cabrón, gris, sen sorriso, gris, ti,
sen clientes sen nadal sen caras que gozan, ti,
sen neve. ¿¡Non podías sorrir!? ¿¡Non podías!?
A nena berra,
apertei demasiado a manciña.
As améndoas pagarán por isto.

Casa. Fogar.
Sen cores.

Mentres mordo enrabiado unha améndoa, observo.
Non cae neve.
Nunca neva aquí.

Alcol

O feitizo máis poderoso, a apócema sagrada.

Beben os seres deste inferno
brindan esganados polo pescozo
colgando de árbores de vinte brazos traídas de afastadas terras
infestadas de perfectos monstros que matan calados
no silencio de noites pechadas como os ollos das vítimas.

Borrachos tropezan co fume dos cigarros ardentes
fogueira onde os farois alumean caras escorrentadas
por un berro invisible nas veas dos neons fachendosos
que insiren mensaxes subliminares
nos borrachos no fume nas caras medorentas.

Agardabamos todos o derradeiro milagre,
impacientes
mordendo as coletas das nenas fermosas,
agardabamos a explicación,
a solución matemática perfecta.
Agardabamos e agora soamente bebemos e bebemos.
Os seres deste inferno.
Pasamos lista.
¡Feitizo! ¡Apócema! ¡Milagre!
Non están.
Os deuses ensinan moedas oxidadas,
antigos libros páxinas en branco,
murmurios indescifrables,
esfinxes solitarias no medio dun curral de galiñas,
ovos de dúas xemas,
ovos duros no almorzo
ovos fritos con patacas
ovos e o maldito “ketchup”.

Bebemos sen milagres
inferno mediocre
de neons “ketchups” e “fast foods”,
nin as galiñas teñen futuro,
nin os Sex Pistols,
nin os ovos
nin os milagres.

Bebemos e bebemos
ata que o licor salvador
decida viaxar ás adegas do inferno
para preparar a gran queimada.

Pedidos Ao Director

5

200 GRAMOS DE TODO, 200 DE NADA.

3 QUILOS DO MÁIS DURO, 3 DO MÁIS BRANDO.

1 LITRO BEN DOCE E OUTRO BEN AMARGO.

NUNCA TEREI DESCANSO. NUNCA TEREI CAMBIO.



Ada

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

**AUSENCIAS/ CIENCIA:
O CLIENTE CUN CHIP NO CEREBRO
“ESCRIBE” CO PENSAMENTO:
“FELIZ”, “NADA”.**

PÁXS. 42-45

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.



Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

Handwritten text in Galician script, appearing as a list or series of notes.

Feliz

Unha brisa fresca na cara.

Todo fermoso.

Ventá da miña fermosa casa.

Clarexar da mañanciña,
cans que corren polo parque.

Unha linda fonte

chea de auga limpa clara,
fermosura a miña filla co cadeliño
branco fermoso claro que ladra.

Todo tan fermoso.

O sol lambe agora a miña pel,
pelos que se enredan en felicidade quente,
vexo parellas bicándose
papeis lindos que voan
cara ao ceo dos papeis lixo
o lixo é fermoso e cheira ben
e ámote muller, es a muller dos meus soños,
quen buscaba, fermosa, preciosidade.

Feliz.

Brisa fresca na cara.

Todo tan fermoso.

Quero crer.

Quero crer.

Quero crer na
ausencia de problemas.

Nada

e falei coma se non existisedes ningún de vós persoas entes
cousas que somos e camiñamos falamos comemos fodemos
todo ben fodido e falarei dos nenos nenas pequenos me-
dianos todos morren todos falarei de negros países falarei
zaire ruanda somalia coma exemplos e non tan negros asia
enchida de merda qué pasou en china qué pasou e europa
serbia kosovo europa decadente américa sur esquecido
centroamérica bágoa mollada américa escura oceanía sei
xeografía falarei de xeografía mortal fame impresentable
fume que enche os pulmóns fume impresentable merda
noxento e non teño dereito a sentir compaixón pena anguria
vergoña non teño dereito como ser persoa ente con cara
que se me cae aos pés camiñamos camiñamos falamos
fodemos todo todo ben fodido aínda así falarei desta
merdenta merdenta

AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO

homes e mulleres nenos nenas eu qué sei falarei aldraxados
violados asasinados morte corrupción miseria frío humidade
veas que se enchen de drogas tan naturais coma o natural lixo
o natural amazonas que se nos perde e a min qué máis me ten

AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO

devoro as túas vísceras cágame no pai na nai por dicir nai
machismo corroe mulleres nai becho que pariu este monstro
que aprendeu a camiñar ergueito a mirar revirado homo
sapiens ha ha ha sapiens sapiens homo fermoso adonis apolo
venus todas as beleza escritos artes fenómenos humanos e
os incomprendibles nómenos tamén cambia cambia cambia

AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO

AUSENCIA DE TODO

falarei xa dixen burato negro escuro tremer celas acolcha-
das tolos edificios cheos de tolos diñeiro fácil para outros
que teñen diñeiro coches calefacción central outros diñeiro

outros sempre outros cartos que teñen que teñen e outros non teñen nada nada nada

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

non fogar non teito non cheminea non non nada sucidade nas uñas nas mans nas caras nos corazóns nos instintos coitelos navallas e tamén escala superior disparos avións que saben matar moi ben soldados patrias grandes patrias caudillos salvadores a verdade eu teño a verdade din ovellas eu son a verdade non outros eu eu verdade mundo máis tolo e os tolos supostos pechados perigosos morden ou qué qué pasa onde está o bo onde está o bo onde está o bo

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

falarei coma se non existise eu non vomites non bágoas non rabia non sentir nada de nada a min qué máis me ten poses poéticas solidariedade finxida forzados concertos día mundial da merda de qué día internacional do menor de idade de fame de soidade subnormais de enfermidade subnormais son outros outros de actitude a verdade a sabedoría a razón bela estruturada fame soidade vai ao hospital hospitais cheos ateigados enfermidade amputación quimio bolsa osíxeno inxectar enfermidade dor e dor e máis dor vai ao hospital vai vai vai vai

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

falarei como se tivese algo que falar algo que arranxar cambiar o mundo os seres bípedes utopía pailán son eu eu non vou cambiar nada nada nada nada

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

falarei como se existise non desesperes por favor non desesperes por favor

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

non milagres merda abismo inferno ha ha ha

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

que alguén me axude porque os feitos son máis máis más
palabras axudádeme a non sei qué axudádeme a aturar esta
fonda ferida

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

non debemos ter medo porque somos listos

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

durme durme relax con calmantes tres valiums haloperidol
tranxilium decentán trankimazín retardo en sangue alapryl
diazepam farmacia ambulante farmacia ambulante durme durme

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

axudádeme por favor axudádeme axudádeme fe esperanza
non perdas fe esperanza están perdidas nun bombardeo nos
ollos suplicando clemencia boca pechada boca pechada
estoupa o embigo do mundo e eu aquí falando parvo parvo
parvo perdendo tempo tempo para qué para qué para qué
para qué para qué

**AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO AUSENCIA DE TODO
AUSENCIA DE TODO**

falando contigo de auSencia de tOdo estáS aí por favor
falando contigo de auSencia de tOdo estáS aí por favor
falando contigo de auSencia de tOdo estáS aí por favor
estás estás aí estás estás

Pedido Final*

PEDÍN A CONTA

E LOGO FOI


SILENCIO E ABANDONO.



** Rexistrado no Libro de Reclamacións.*

DaA

SILENCIO



E
ABANDONO

